



## investigación

# Uso do cinema na educación formal e non formal

**Manuela Raposo Rivas**  
mraposo@uvigo.es

**M.ª Esther Martínez Figueira**  
esthermf@uvigo.es

**M.ª Elena Añel Cabanelas**  
elena\_ou@uvigo.es

Universidade de Vigo



Este artigo aborda os aspectos máis salientables dun estudo que se levou a cabo na provincia de Ourense sobre a utilización do cinema como recurso didáctico nas aulas. Os resultados pretenden dar a coñecer con que ferramentas se está a traballar e en que medida se contribúe a mellorar a competencia dixital vinculada á linguaxe audiovisual e á imaxe en movemento empregada no cine. A investigación abrangue a educación formal e a non formal e tivo como fontes de información o profesorado e alumnado de diferentes centros de educación primaria e os responsables de ludotecas, garderías e escolas infantís.

**Palabras clave:** *cinema, educación formal, educación non formal, educación primaria, competencia dixital, recurso audiovisual.*

## Introdución: antecedentes da investigación

O cinema é un medio de comunicación de masas audiovisual cun grande impacto social, tanto pola pegada que deixa entre a poboación coa súa particular visión e interpretación da realidade, como pola auréola de maxia, misterio e ficción que crea, ao tempo que marca tendencias e modas. A súa importancia e expansión é tal que nos últimos tempos vén sendo considerado como unha parte da cultura que exerce unha grande influencia social e o converte, máis que nun mecanismo de evasión da realidade, nun sistema de incidencia sobre ela, ampliando os códigos de referencia, os canons sociolóxicos, os modelos culturais e éticos... da sociedade do século XXI (Martínez Salanova, 2002).

A este medio atribúeselle a capacidade de informar e pór en relación as persoas. Pero, ademais, impresiona, conmove, inflúe, diverte, desgusta, asusta, arrepiá... Non hai película de cine, destinada ao público infantil ou xuvenil, que non deixe sentir a súa influencia, ben porque determina estilos entre os destinatarios, ben porque ofrece modelos de actuación e formas de comportamento (por exemplo, cos xestos e vocabulario), ou ben porque crea os seus propios produtos de consumo: papelería e material escolar, xogos e xoguets, roupa e calzado, comida e enxoval, etc. (Raposo e Sarceda, 2010).

Con isto non podemos negar a presenza, impacto e transcendencia que o cinema ten na sociedade, e

relacionados

artigo de Opinión, en Eduga 50



colabora con  
investigación

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

 **OCTUGA**  
OBSERVATORIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA  
UNIVERSITARIO DE GALICIA



que debería ser recoñecido ao mesmo nivel na escola como subsistema social que é. Fronte a postulados en contra, que ven nel un medio de expansión da violencia e dos contravalores, tamén é habitual atopar referencias sobre o seu uso en educación<sup>1</sup>. Non se poden obviar as súas posibilidades didácticas, suxestións para o emprego dunha determinada película nun contexto específico. Tamén existen experiencias que formulan a súa integración en contornos formativos, aínda que non dispoñan de condicións favorables, sobre todo pola falta de propostas didácticas viables para saber como empregalo e facelo rendible con criterios educativos, máis que lúdicos.

Non obstante, neste eido, non son tan comúns os datos empíricos relacionados con esta temática nos niveis educativos non universitarios. No noso contexto máis inmediato, Andrade (1997) estuda a utilización que se fai do cine nun centro educativo, mentres que Pereira e Marín (2001) teñen demostrado que a presenza deste medio no ensino secundario é máis ben marxinal e escasa, ademais de que o uso de recursos didácticos como o cine-forum é case esporádico. Pola súa banda, Pereira e Urpi (2004) poñen de manifesto que a unha gran maioría de mozos lles gusta, pero que o valoran máis como unha diversión, un entretemento e un modo de relaxación e de evasión, e non tanto como unha forma de expresión artística.

Dada a falta de investigacións sobre o tema e coa convicción de que a chamada *sétima arte* é un recurso válido e pertinente para a educación, tanto no ámbito formal como no non formal, desenvolvemos o presente estudo, na provincia de Ourense. A nosa finalidade é facer un diagnóstico da situación e descubrir o grao de utilización do cine na formación dos menores de doce anos.

O seu contido, xunto con propostas, experiencias e recursos, está recollido en Raposo (2009). Aquí, unicamente damos a coñecer aqueles aspectos que consideramos máis salientables, relacionados coa frecuencia con que se emprega e a finalidade ou razóns que orientan ese uso, xunto coas preferencias que teñen os escolares neste eido.

## O cinema como recurso didáctico

"Afirmar que o cine forma parte das nosas vidas e que ocupa un lugar destacado nos momentos de lecer é indiscutible: non hai día en que non vexamos unha película, esteamos en contacto con produtos derivados dela ou utilizemos unha expresión lingüística ou xestual dalgún personaxe. En cambio, manifestar que puidera situarse na mesma posición na educación da poboación é, cando menos, discutible, sobre todo polos contidos e valores asociados a determinados xéneros cinematográficos".

Con esta cita que aparece na contraportada do libro *El cine en educación: realidades y propuestas para su utilización en el aula*, dáse conta da predisposición dun equipo de investigadores<sup>2</sup> da Universidade de Vigo a indagar, tanto no eido formal como no non formal, o estado da cuestión. Partimos da idea de que "o cine é un dos recursos máis idóneos para a aprendizaxe porque posúe a estraña capacidade de inmiscirse na vida das persoas e influír na xeración dos seus valores, nas súas actuacións vitais, no modo de contemplar o mundo e en todo o que ten que ver co humano" (Pereira, 2009, 17).

Hoxe en día a escola non pode virarse de costas a unha realidade social caracterizada por unha progresiva xeneralización da cultura dixital (audiovisual e informática). A formación baseada case exclusivamente na cultura impresa, co seu máximo expoñente no libro de texto, debe dar paso á presenza e integración das tecnoloxías da información e a comunicación, en xeral, e do audiovisual e o cinema, en particular. Isto permite, ademais, traballar na aula a competencia dixital<sup>3</sup>.

A transcendencia deste medio, tal e como afirman Raposo e Sarceda (2008), leva a que ocupe un lugar destacado na vida dos escolares, que se están enfrontando a el sen coñecementos nin experiencias previas na lectura e interpretación das mensaxes cinematográficas. Neste sentido, as autoras afirman que son preocupantes aspectos como:

- O tipo de películas que ven, xa que a través delas están aprendendo valores e exemplos para a vida en sociedade.
- O descoñecemento que teñen as familias e educadores sobre modelos e posibilidades para que o feito de ver dun filme poida ser máis frutífero educativamente.
- A inexistencia nas cidades de alternativas para o lecer.

Desde este punto de vista, é necesario que o cinema estea presente nos procesos de socialización e educación da poboación infantil "como un recurso educativo cotián (non excepcional), utilizado didacticamente e con fundamento pedagóxico, aproveitando as súas grandes posibilidades de diversión (o seu encanto) e maximizando as súas oportunidades" (Raposo e Sarceda, 2008, 9).

## Aspectos formais do estudo

A actual investigación intenta superar os paradigmas cualitativo e cuantitativo, optando por un enfoque orientado á práctica educativa e seguindo a terminoloxía de Latorre, Del Rincón e Arnal (1996). Nel intégranse os estudos deseñados co fin de comprender os procesos educativos e mellorar a práctica. Neste sentido, a nosa sondaxe constata o emprego que se fai do cinema na educación formal e non formal coa finalidade de ofrecer suxestións para a súa optimización.

A nota esencial desta perspectiva é que "a investigación se diseña para contribuír a solucionar os problemas ou achegar directrices para a acción, describindo o máis amplamente posible a complexidade das situacións e establecendo marcos conceptuais que posibiliten a toma de decisións co maior *insight* e comprensión posibles. De modo que o resultado final son as decisións e recomendacións para a acción, e non tanto a súa contribución á creación do coñecemento ou teoría" (Latorre, Del Rincón e Arnal, 1996, 92).

Ademais falamos unha investigación de corte descritivo, xa que se dan as condicións necesarias para abordalo: falta información sobre un problema de importancia educativa e as situacións que poden xerar esa información existen e son accesibles para o investigador (Fox, 1981).

Tendo en conta o punto de vista descrito e acoutando o obxecto de estudo ao enunciado "o cinema como recurso na educación da poboación infantil ourensá", formuláronse os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer a dotación de películas empregadas co público infantil en distintas institucións da provincia de Ourense (centros educativos, ludotecas, garderías e escolas infantís).
- Analizar se existen diferenzas na integración deste medio, segundo as áreas temáticas (idiomas, ciencias sociais, relixión...).
- Informar sobre as preferencias da poboación infantil tocante ás películas de cinema que máis lles gustan e aos seus heroes/heroínas favoritos.
- Indagar sobre a formación previa que ten o persoal docente con respecto á utilización do cinema na educación, e detectar demandas e necesidades de formación en relación ao uso deste medio.
- Pescudar a dispoñibilidade dos profesionais da educación para a súa actualización científico-didáctica.
- Constatar a actitude do profesorado e do alumnado cara ao cinema.

Partindo destes obxectivos, formulamos unha serie de presupostos ou ideas previas que se recollen no seguinte enunciado: *o cinema é un recurso pouco utilizado para a educación da poboación infantil, malia que os menores de 12 anos ven películas pouco adecuadas para a súa idade, polo tipo de valores que transmiten e de que existe un número considerable de filmes con potencial educativo que poderían ser integrados curricularmente. Isto pode deberse a que as franxas horarias escolares non favorecen o seu uso, a que se asocia fundamentalmente co lecer e o entretemento e a que non se posúe formación específica sobre a linguaxe audiovisual ou a explotación didáctica do cinema.*

A citada investigación desenvolveuse en catro fases nas que podemos diferenciar unha serie de tarefas concretas:

#### 1.ª. Preparación da investigación, que comprende:

- A revisión e pescuda bibliográfica referida ao noso obxecto de estudo.
- O acoutamento do problema de investigación.
- A selección da mostra que iamos convidar a participar.

#### 2.ª. Construción e aplicación dos instrumentos, onde:

- Elaboramos os primeiros borradores dos instrumentos.
- Fixemos a oportuna visita e consulta aos expertos.
- Puxemos en práctica unha aplicación piloto.
- Reconstuímos os instrumentos dándolles un formato definitivo.
- Realizamos as entrevistas telefónicas (a responsables de ludotecas, garderías e escolas infantís).
- Aplicamos os cuestionarios (a profesorado e alumnado de educación primaria).

#### 3.ª. Recollida e análise da información, que consistiu en:

- Recompilar datos por medio de 28 entrevistas e 927 cuestionarios.
- Codificalos nos correspondentes programas estatísticos.
- Facer a análise do contido das preguntas abertas.
- Realizar a análise estatística das preguntas de resposta pechada.

**4.ª. Conclusións, propostas e elaboración do informe.** Reparando nos datos obtidos e analizados na etapa anterior do estudo, elaboramos un informe (Raposo, 2009) que recolle todo o proceso, ademais das conclusións e propostas xurdidas a modo de "recomendacións para a acción", das que falan Latorre, Del Rincón e Arnal (1996).

En canto aos instrumentos<sup>4</sup>, empregáronse tres distintos, segundo o tipo de informantes ao que nos diriximos:

- Unha entrevista telefónica semiestruturada, de dezanove preguntas destinadas aos responsables de institucións de educación non formal.
- Un cuestionario encamiñado ao profesorado de educación primaria, que comprendía vinte e dúas preguntas relacionadas co contexto, a utilización do cinema como recurso didáctico e a formación específica en cinema e educación.
- Un cuestionario orientado ao alumnado de educación primaria (de 6 a 12 anos) con quince preguntas sobre o contexto, os seus gustos referente ao cinema e a percepción sobre el nas aulas.

A mostra, entendida como "o conxunto de casos extraídos dunha poboación seleccionados por algún método de mostraxe" (Latorre, Del Rincón e Arnal, 1996, 78) foi escollida usando unha "mostraxe por acios" (Ávila, 2006). A dita mostraxe úsase cando o investigador está limitado por factores de tempo, distancia ou fontes de financiamento, entre outros.

## Alguns resultados salientables

Os achados obtidos son moitos, e daquela, inabarcables nun artigo destas características. Polo tanto, tentaremos ofrecer unha visión xeral referíndonos á frecuencia con que se emprega o cinema como recurso didáctico, e á finalidade ou razóns que orientan ese uso, xunto coas predileccións que manifestan os escolares.

## O uso do cinema en institucións de educación non formais<sup>5</sup>

Parte da investigación tiña como destinatarias institucións de educación non formal, en concreto, dirixímonos a ludotecas, escolas infantís e garderías, 39 centros na provincia, dos que obtivemos un alto nivel de participación (un 72%).

A pregunta número oito da entrevista aludía a: *con que frecuencia se utiliza o cinema no centro?, cantas películas adoitan verse nun curso escolar?* Os resultados poñen de manifesto que a maioría realiza unha actividade centrada no cinema dous ou tres días por semana.

Un dato que cómpre subliñar é o feito de que en 13 casos (un 46,42% da mostra) non contestan porque non proxectan películas.




Gráfico 1: Frecuencia no feito de ver cinema en institucións educativas non formais

Outra cuestión que ten un especial interese é coñecer a *finalidade* das proxeccións, o por que e para que se expoñen os filmes. Aquí ofrecemos premisas con algunha das finalidades que se consideran máis frecuentes. As respostas marcábanse nunha escala de valoración entre o un (sendo este o valor máis baixo) e o cinco (o máis alto), dependendo das razóns que levaban aos responsables destes centros educativos a poñer unha película para os usuarios. Os resultados amosan:

Finalidades	Escala de valores de resposta				
	1	2	3	4	5
Carácter lúdico	0 %	0 %	21.5 %	35.7 %	42.8 %
Carácter informativo	21.5 %	7.1 %	42.8 %	21.5 %	7.1 %
Valores que transmite	0 %	0 %	14.3 %	35.7 %	50.0 %
Encher tempos baleiros	50 %	14.3 %	14.3 %	7.1 %	14.3 %
Para traballar contidos educativos	0 %	7.1 %	7.1 %	14.3 %	14.3 %
A petición dos nenos/as	14.3 %	7.1 %	14.3 %	50 %	14.3 %

Táboa 1: Finalidades de uso do cinema nas institucións educativas non formais

Os aspectos mellor puntuados, na parte alta da escala, son os "valores que transmiten" e "o carácter lúdico" asociado a este medio. Por outra banda, "encher tempos baleiros" é a opción da parte baixa onde houbo maior nivel de coincidencia, parece que non funciona aquilo de "poñer unha película para telos entretidos".

## O uso do cinema segundo o profesorado de educación primaria<sup>6</sup>

De todo o colectivo participaron 50 profesores e profesoras de 17 centros distintos da provincia de Ourense.

Segundo coa análise de frecuencia e as razóns do seu uso, expoñemos os resultados acadados nas preguntas relacionadas con estas dúas ideas.

Por un lado, na pregunta nove debían indicar a *frecuencia* coa que utilizaban películas e en que materias. En xeral, segundo os datos obtidos, podemos deducir que en Lingua Galega e Matemáticas os mestres nunca teñen como actividade o feito de ver un filme, mentres que nas de Coñecemento do Medio e Inglés si que é frecuente que se dea esta práctica ata máis de tres veces durante o curso.




Gráfico 2: Frecuencia de uso do cinema nas materias de educación primaria

Na pregunta once o profesorado sinalaba, a través dunha escala de 1 a 5, cales eran as *razóns para empregar* o cinema na clase. Das súas respostas, deducimos a existencia de sete elementos moi influentes: "carácter lúdico do cine", "carácter informativo", "carácter formativo", "actitudes e valores que transmite", "promover o interese e motivación do alumnado", "complementa os contidos educativos" e "trata contidos relacionados con datas conmemorativas". Só dúas razóns se sinalan como pouco determinantes: "encher tempos de carácter especial" e "participación do centro en programas que empregan o cine". Outra explicación que constaba no cuestionario, pero que non ten unha tendencia clara de resposta, xa que se reparten case equitativamente os resultados, é a de "traballar a competencia dixital na aula".

Noutro punto valorábanse, nunha escala de 1 a 5, as posibles *razóns para non empregar* o cine. Xa é un dato significativo o feito de que dos cincuenta participantes da mostra unicamente contestaron entre 15 e 18. O aspecto sinalado como máis influente nesa situación foi "a programación da materia"; e os menos "a inadecuación das instalacións", "recursos tecnolóxicos que non son suficientes", "a coordinación co resto dos compañeiros", "non saber como facelo" e "non parece un recurso didáctico útil". Outras razóns que presentan datos contradictorios por ter igual número de respostas na zona alta e na zona baixa da escala, son:

- Os horarios de clase non o permiten.
- As películas existentes non se axustan á materia.
- O contido da materia non é axeitado para utilizar o cinema.
- O uso do cinema por parte do alumnado de educación primaria

Co alumnado de educación primaria (de seis e doce anos) tratamos de analizar, entre outras cuestións, cales eran as súas preferencias e que as motivaba.

Así, á hora de citar as tres películas de *cine que máis lle gustan*, os 765 nenos e nenas participantes mencionan ata de 353 diferentes, destacando como primeira película en orde decrecente: Os Simpsons<sup>8</sup> (6,9 %), Harry Potter<sup>9</sup> (6,5 %) e Mortadelo e Filemón (6,01 %).

Entre as *razóns* que os levan a elixir os ditos filmes, as catro que máis se repetiron (de máis a menos) foron:

- O guión da película.
- O xénero cinematográfico.
- Os protagonistas.
- O argumento.

Na pregunta oito, pola contra, tiñan que dicir as tres *que menos lles gustaban*. Responderon 686 rapaces e rapazas, coincidindo en que as que menos lles gustan son: Spiderman (9,1 %), Harry Potter<sup>10</sup> (7,8 %) e Cinsenta (4,5 %). As causas agrupámolas en catro bloques, segundo os motivos que aducen:

- A idade para a que se recomenda: "porque son de bebés", "porque son de maiores".
- O xénero dos destinatarios: "son para nenas", "son para nenos".
- O xénero cinematográfico: "porque son de medo", "porque son de debuxos".
- As preferencias persoais: "porque non me gustan os ogros", "porque son de princesas".

## Conclusións

Vista a investigación realizada xunto aos resultados comentados, podemos extraer as seguintes consideracións vinculadas ás implicacións do uso do cinema como recurso educativo, para a formación do profesorado ou a mellora da docencia.

En primeiro lugar, para iniciar a experiencia nas aulas, os docentes deberían ir formando a súa videoteca ou DVDteca con filmes seleccionados segundo os contidos curriculares e as distintas áreas de coñecemento. Deste modo, iríase paliando a tendencia que asocia a súa utilización a unhas determinadas áreas, tal e como indicaba a mostra do profesorado de primaria.

En segundo lugar, cómpre ter organizada a ficha técnica de cada un dos filmes recompilados, cos seus datos máis importantes: duración, data de produción, idioma, breve sinopse, notas de identificación e interese, así como guía de explotación didáctica.

En terceiro lugar, hai que ter presente tamén que o seu uso na clase debe responder a unha planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así, hai que contar cuns obxectivos previamente deseñados, cuns contidos seleccionados, cunha metodoloxía, coas coordenadas espazo-temporais revisadas e axustadas ao propio filme, e así ata completar os restantes elementos curriculares que están presentes nas nosas programacións.

É importante adoptar as anteriores medidas para integrar curricularmente este medio e evitar así que o cinema se asocie ao lecer e ao entretemento e, polo tanto, que se manteña como un recurso pouco utilizado para a educación da poboación infantil. Esta é a conclusión que podemos tirar a partir dos datos da mostra pertencente ás institucións (un 42,8% sinalaba que vían cinema nos seus centros só dous ou tres días por semana e tamén afirmaban que este feito respondía a un carácter lúdico).

Estas observacións simplifican a proposta realizada por Raposo e Sarceda (2008) que falan de considerar catro tipos de elementos que permiten explotar o cinema nas aulas (véxase figura 1).



Figura 1: Elementos básicos que permiten explotar didacticamente o cinema nas aulas (Raposo e Sarceda, 2008)

Ademais a maioría dos responsables da educación dos menores reconece que non posúe formación específica sobre o uso da linguaxe audiovisual nas aulas ou a explotación didáctica do cinema, tal e como vimos anteriormente. Tocante a isto, un dos participantes suxeríanos:

“Os centros de formación do profesorado deberían ter presente esta carencia dos docentes e programar actividades nas que realmente se aprenda a sacar o maior rendemento posible a este recurso educativo”.

Por outra banda, non podemos obviar as vantaxes que gardan as películas. Así, os filmes poden ser importantes fontes de contido; sernos útiles para xerar a comprensión dun tema a partir da análise e a crítica do devandito filme. Tamén nos permiten a apertura ou a instalación dun tema. Na actualidade debemos ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler comprensiva e reflexivamente distintos tipos de textos e imaxes, incluíndo o cinema, en tanto que discurso complexo que combina palabras e imaxes. Non traballar coa imaxe significaría convertelos nuns analfabetos visuais.

Coincidimos con Sarceda e Raposo (2009, 46) na afirmación de que “se a escola non pode dar as costas á sociedade significa que tampouco pode facelo coas manifestacións presentes nela, especialmente co cine debido á súa grande influencia na xeración de valores e actitudes a través de procesos subliminares que conforman modos de pensamento”.

Ao mesmo tempo, non se debe esquecer que o feito de ver películas, tanto en institucións educativas formais como non formais, está directamente ligado á integración das tecnoloxías da información e á comunicación na nosa sociedade. Por conseguinte, a competencia dixital que o alumnado deberá ter adquirida ao rematar o ensino obrigatorio, aconsella incluír o cine.

Estes dous aspectos outorgan significado a todo o proceso de investigación que se levou a cabo e do que aquí se presenta unha pequena parte. Para ampliar a información sobre o estudo, pódese consultar o volume *El cine en educación: realidades y propuestas para su utilización en el aula* (RAPOSO RIVAS), recollido na bibliografía.

## Bibliografía

- ALMACELLAS, M. A. (2004) *Educación con el cine, 22 películas*. Madrid, Ediciones Internacionales Universitarias.
- AMEJEIRAS, S. E VILLAR, P. (Coord.) (1995-2003) *Programa Cine e Saúde. Guías Didácticas Cinematográficas*. Ourense, Concello-Xunta de Galicia.
- ANDRADE LÓPEZ, B. (1997) *El binomio cine-aula. Una realidad analizada en el Colegio M<sup>º</sup> Auxiliadora de Lugo*. Proxecto de Investigación DEA. Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, Universidade de Vigo (documento policopiado).
- AÑEL CABANELAS, M. E., RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. L. e RAPOSO RIVAS, M. (2009) Recursos sobre el uso del cine en educación (159-179). En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *El cine*



en educación: realidades y propuestas para su utilización en el aula. Santiago de Compostela, Tórculo.

- ÁVILA BARAY, H. L. (2006) *Introducción a la metodología de la investigación*. Edición electrónica en <http://www.eumed.net/libros/2006c/203/> (data de consulta 26-06-10).
- Comunicación y Pedagogía (1997-2010) *Guías Didácticas cinematográficas*. Barcelona, Asociación Prensa Juvenil.
- *Comunicar* (1998) "El cine en las aulas: pautas de análisis". *Revista de Educación y Comunicación*, monográfico, 11. Huelva, Grupo Comunicar.  
<http://www.revistacomunicar.com/index.php?contenido=revista&numero=11>
- *Comunicar* (2007) "La enseñanza del cine en la era de las pantallas". *Revista de Educación y Comunicación*, monográfico, 29. Huelva, Grupo Comunicar.  
<http://www.revistacomunicar.com/index.php?contenido=revista&numero=29>
- *Cuadernos de Pedagogía* (1995) Monográfico sobre 100 años de cine (242) Barcelona.
- DE LA TORRE, S. et al. (1996) *Cine formativo. Una estrategia innovadora para los docentes*. Barcelona, Octaedro.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 132, do 9 de xullo de 2007).
- DIOS DIZ, M. (2001) *Cine para convivir*. Santiago de Compostela-Noia, Ed. Toxosoutos.
- FOX, D. J. (1981) *El proceso de investigación en educación*. Pamplona, Eunsa.
- *La Voz de Galicia* (30-05-2010) Entrevista á doutora Manuela Raposo Rivas:  
[http://www.lavozdegalicia.es/ourense/2010/05/30/0003\\_8516618.htm](http://www.lavozdegalicia.es/ourense/2010/05/30/0003_8516618.htm)
- *La Voz de Galicia* (30-05-2010) «Los Simpsons» es el filme que más gusta a los alumnos de primaria ourensanos: [http://www.lavozdegalicia.com/ourense/2010/05/30/0003\\_8516615.htm](http://www.lavozdegalicia.com/ourense/2010/05/30/0003_8516615.htm)
- LATORRE, A., DEL RINCÓN, D. e ARNAL, J. (1996) *Bases metodológicas de la investigación educativa*. Barcelona, GR 92.
- Making Off (1997-2010) *Cuadernos de Cine y Educación*. Barcelona, Fin Ediciones.
- MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E. (2009) "Sugerencias para la utilización didáctica del personaje Spiderman en educación primaria (141-158)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E. e AÑEL CABANELAS, M. E. (2009) "El uso del cine en instituciones de educación no formal (81-99)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- MARTÍNEZ SALANOVA, E. (2002) *Aprender con el cine, aprender de película*. Huelva, Grupo Comunicar. [http://www.uhu.es/comunicar/colecciones\\_textos/aula-media-03.htm](http://www.uhu.es/comunicar/colecciones_textos/aula-media-03.htm)
- Ministerio de Educación y Ciencia (2006) *El cine, un recurso didáctico*. Madrid, CNICE
- *Padres y Maestros* (1997-2010) "Proyecto Cine y transversales". A Coruña, Centro Fonseca (páxinas centrais).
- *Padres y Maestros* (2003) "Cine y Transversales. Treinta películas para trabajar en el aula". Bilbao, Mensajero.
- PEREIRA DOMÍNGUEZ, M.ª C. (2005) *Los valores del cine de animación. Propuestas pedagógicas para padres y educadores*. Barcelona, PPU.
- PEREIRA DOMÍNGUEZ, M.ª C. (2009) "El valor social del cine en la infancia (17-38)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- PEREIRA, M. C. e MARÍN, M. V. (2001) "Respuestas docentes sobre el cine como propuesta pedagógica. Análisis de la situación en educación secundaria". *Revista de Teoría de la Educación* (13) 233-255.
- PEREIRA, M. C. e URPÍ, C. (2004) "El cine: la escuela informal de nuestra juventud". *Making Of. Cuadernos de Cine y Educación* (28) 18-33.
- RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) (2009) *El cine en educación: realidades y propuestas para su utilización en el aula*. Santiago de Compostela, Tórculo.
- RAPOSO RIVAS, M. e SARCEDA, M. C. (2008) "El cine como recurso formativo en Educación Infantil: propuesta para su integración curricular y utilización didáctica en el aula". *Comunicación y Pedagogía* (230) 9-14.
- RAPOSO RIVAS, M. e SARCEDA, M. C. (2010) "El lenguaje audiovisual: El cine y su utilización educativa" (en prensa). En CEBRIÁN DE LA SERNA, M. e GALLEGO ARRUFAT, M. J. (2010) *Procesos educativos con Tecnologías de la Información y el Conocimiento*. Madrid, Pirámide.
- RAPOSO RIVAS, M. e MARTÍNEZ SUÁREZ, E. M. (2003) "El cine como recurso didáctico. Sugerencias para la utilización didáctica de Bichos: una aventura en miniatura", *Revista Galega Portuguesa de Psicología e Educación* (8: 10) 2064-2085.
- RAPOSO RIVAS, M., PEREIRA DOMÍNGUEZ, M. C., MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E., RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. L. e AÑEL CABANELAS, M. E. (2009) "El uso del cine en los escolares de educación primaria (123-137)", en RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- RAPOSO RIVAS, M., SARCEDA GORGOSO, M. C. e RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. L. (2009) "El uso del cine según el profesorado de educación primaria (101-120)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- *Revista Galega de Educación* (1999) Cine e dereitos humanos. Monográfico n.º 33.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J. L. e AÑEL CABANELAS, M. E. (2009) "Recursos didácticos sobre el cine de asociaciones, fundaciones y administraciones públicas (181-193)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*
- SARCEDA, M. C. e RAPOSO, M. (2009) "Integrando el cine en educación: razones normativas y curriculares para su uso en Primaria (39-49)". En RAPOSO RIVAS, M. (Coord.) *op.cit.*

## O recuncho do Humor



1. Neste sentido, podemos facer unha especial mención, entre outros, aos traballos de: Almacellas (2004); Ameijeiras e Villar (1995-2003); Añel, Rodríguez e Raposo (2009); De la Torre (1996); Dios (2001); Martínez Figueira (2009); Martínez Salanova (2002); MEC (2006); Padres y Maestros (2003); Pereira (2005); Raposo e Martínez (2003); Rodríguez e Añel (2009), ou as revistas: Comunicar (1998, 2007); Comunicación y Pedagogía (1997-2010); Cuadernos de Pedagogía (1995); Making Off (1997-2010); Padres y Maestros (1997-2010); Revista Galega de Educación (1999).

2. Formaban parte do equipo de investigación: Manuela Raposo Rivas (directora da investigación); M.ª del Carmen Sarceda Gorgoso; M.ª Carmen Pereira Domínguez; M.ª Esther Martínez Figueira; Juan Luis Rodríguez Rodríguez; M.ª Elena Añel Cabanelas; e M.ª Isabel Doval Ruíz

3. O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 132 do 9 de xullo de 2007), fai referencia ao tratamento da información e competencia dixital que "consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento" (páx. 11.674). Ao mesmo tempo, no anexo II "Obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas que constitúen a etapa e dentro da área de Educación Artística nos contidos de Plástica", o citado decreto fai unha mención concreta en relación ao cine, así no Bloque 3: Observación plástica un dos contidos é: "Observación e identificación de imaxes presentes en contextos próximos: historietas, bandas de deseño, ilustracións, fotografías, etiquetas, cromos, carteis, adhesivos, debuxos animados, marcas, propaganda, cine, encaixes, bordados, cerámica..." (DOG n.º 132, páx 11.697).

4. Os tres instrumentos referidos poden consultarse nos anexos da obra de Raposo (2009) referenciada na bibliografía.

5. Para ampliar información, véxase Martínez Figueira, M. E. e Añel Cabanelas, M. E. (2009).

6. Para ampliar información, véxase Raposo Rivas, M., Sarceda Gorgoso, M. C. e Rodríguez Rodríguez, J. L. (2009).

7. Para ampliar información, véxase Raposo Rivas, M.; Pereira Domínguez, M. C.; Martínez Figueira, M. E.; Rodríguez Rodríguez, J. L. e Añel Cabanelas, M. E. (2009).

8. Para máis detalles, pódense consultar os artigos publicados en La Voz de Galicia (30-05-2010): Entrevista á doutora Manuela Raposo Rivas, en [http://www.lavozdeg Galicia.es/ourense/2010/05/30/0003\\_8516618.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/ourense/2010/05/30/0003_8516618.htm); e «Los Simpsons» es el filme que más gusta a los alumnos de primaria ourensanos, en [http://www.lavozdeg Galicia.com/ourense/2010/05/30/0003\\_8516615.htm](http://www.lavozdeg Galicia.com/ourense/2010/05/30/0003_8516615.htm)

9. Resultounos curioso que Harry Potter fose tamén un dos filmes que menos gustan, supoñemos que se están a referir a entregas puntuais e non a toda a saga. Ademais convén matizar que a porcentaxe está referida a películas preferidas sinaladas en primeiro lugar, se consideramos a segunda e a terceira posición a porcentaxe de votación sobe ata o 15,03%, tras os Simpsons cun 18,69% e por diante de Mortadelo e Filemón cun 12,55%.

10. Matizar que a porcentaxe está calculada segundo o número total de respostas emitidas (54 de 686) polo que o valor é maior que na pregunta anterior (50 de 765).

 Imprimir páxina

## O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

## COLABORA COA REVISTA

Cartas á directora

## OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)  
[Actualidade: Eurydice](#)

[Lexislación](#)  
[Hemeroteca](#)



Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010

Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reiníciase as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

Experiencias

Investigación

Foro

[Tribuna](#)  
[Mediateca](#)  
[Que é](#)

[Editorial](#)  
[Blogs](#)  
[Créditos da revista](#)